

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE AGOSTO DE 2023

Ás 10:25 horas do día 4 de agosto de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 1 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Carmen Pintado García, suplente da xefa da Área de Contratación

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335) (emenda sobre A)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 20 de xullo de 2023, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. BIGLAB, S.L.U. (Lotes 1, 3 e 5)
2. FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (Lote 3)
3. VIGO POR LA DANZA (Lote 2)

Os tres licitadores presentaron documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. BIGLAB, S.L.U. (Lotes 1, 3 e 5)
2. FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (Lote 3)
3. VIGO POR LA DANZA (Lote 2)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19.756-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 26 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que corrixe o anterior de data 4 de agosto de 2023. A Mesa acepta, por unanimidade, o segundo dos informes.

Aclárase que no Sobre B a documentación de SARARTE, S.L. vén identificada baixo o nome de FORMAZIONA e a de FORMACIÓN E NORMALIZACIÓN, S.L. baixo o nome de FORMANOR.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19.756-77)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE I



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	SARARTE S.L	20,10%	401-600 horas

LOTE II

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	SARARTE S.L	6,10%	401-600 horas

LOTE III

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	5.376,00 € (prezo sen IVE)	-
2	Impulsa Formación y Empleo SL	5,14%	+ 1.000 horas

LOTE IV

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	4.189,50 € (prezo sen IVE)	-
2	SARARTE S.L	6,10%	401-600 horas

LOTE V



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	2.793,00 € (prezo sen IVE)	-
2	SARARTE S.L	3,10%	401-600 horas

LOTE VI

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	2.793,00 € (prezo sen IVE)	-
2	Impulsa Formación y Empleo SL	5,16%	+ 1.000 horas
3	SARARTE S.L	3,10%	401-600 horas

LOTE VII

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	3.724,00 € (prezo sen IVE)	-
2	Impulsa Formación y Empleo SL	5,16%	+ 1.000 horas
3	SARARTE S.L	4,10%	401-600 horas

LOTE VIII

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	4.831,40 € (prezo sen IVE)	-
2	NORFORMACIÓN S.L.	11,00%	+ 1.000 horas
3	SARARTE S.L	7,10%	601-800 horas



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



LOTE IX

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	11.206,30 € (prezo sen IVE)	-
2	NORFORMACIÓN S.L.	11,00%	601-800 horas

LOTE X

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	7.200,00 € (prezo sen IVE)	-
2	FORMACION NORMALIZACION, S.L.	25,389%	201-400 horas
3	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	18,00%	+ 1.000 horas
4	Impulsa Formación y Empleo SL	49,82%	401-600 horas
5	NORFORMACIÓN S.L.	22,50%	601-800 horas
6	SARARTE S.L	20,10%	601-800 horas

LOTE XI

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	11.250,00€ (prezo sen IVE)	-
2	FORMACION NORMALIZACION, S.L.	25,625%	401-600 horas
3	SARARTE S.L	28,10%	401-600 horas

LOTE XII



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Porcentaxe de redución dos prezos unitarios de cada lote establecidos no apartado 3G destas FEC	Cualificación do persoal adscrito
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	7.650,00 € (prezo sen IVE)	-
2	FORMACION NORMALIZACION, S.L.	25,389%	201-400 horas
3	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	18,00%	+ 1.000 horas
4	Impulsa Formación y Empleo SL	49,82%	201-400 horas
5	NORFORMACIÓN S.L.	22,50%	201-400 horas
6	SARARTE S.L	28,10%	401-600 horas

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP agás FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.

Asisten á apertura D^a. Isabel Vázquez Rodríguez, en representación de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. e D^a. Alba Piñeiro Crespo, en representación de FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1.632-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 31 de xullo de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U – AVAN INTEGRAL, S.L por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 20 de xullo de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación o 26 de xullo, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 1 de agosto de 2023 a enxeñeira industrial e o xefe da Área de Investimentos emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. neste procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1.571-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 31 de xullo de 2023 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52.694-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 1 de agosto de 2023 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1.571-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1.571-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A.	95,69
2	ACEUVE S.L.U.	86,49

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. (A-36.006.666), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52.694-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 4 de agosto de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52.694-444) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Orde	Licitadores	Puntuación total
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	95,23
2	SCHINDLER, S.A.	71,65
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	54,84

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250.002-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola Ría de Vigo da Concellería de Política de Benestar Social, enmarcado no «PROGRAMA DE AVELLAMENTO ACTIVO: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 5), as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 69 e 10, respectivamente), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 8), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19.05.2023 (trámite n.º 71), os documentos económicos emitidos o 23.03.2023 polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 13-14) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato, 70.180€ (IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.02 ("Vigo, cidade amiga dos maiores") e, de ser o caso, a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

- 2023: 35.090 €
- 2024: 35.090 €

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA	88,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, o día 26 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 2 de agosto, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 12 de xullo de 2023 e do acordo do 20 de xullo de 2023 polo que se lle outorga a máxima puntuación na proposición avaliable a través de fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA (F-27.839.752) o procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301) coas seguintes condicións:

a) O prezo máximo do contrato é de 70.180,00 euros, sendo a cota



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

correspondente ao IVE de 12.180,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 4,4% a aplicar ao prezo unitario por persoa usuaria e ruta previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

b) Comprométese a achegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación:

- Estudos do perfil básico das persoas usuarias da actividade (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade).
- Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (ruta, organización e persoal, barco e equipamento e comunicación).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:21	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA947-C2DA2B-47D1AB-SJEGDV-S1GD3L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		